## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

*ORDE do 3 de outubro de 2012 pola que se modifica a Orde do 13 de xullo de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras de concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva para a renovación do parque de maquinaria agrícola da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2012.*

O Real decreto 457/2010, do 16 de abril (BOE nº 111, do 7 de maio), regula as axudas para a renovación do parque español de maquinaria agrícola pola necesidade de cumprir cos obxectivos de mellorar a eficiencia enerxética para conseguir unha cota de aforro de carburantes asignada ao sector agrario, menor impacto ambiental, reducir as emisións contaminantes á atmosfera e rebaixar os índices de sinistralidade nas actividades agrícolas e forestais.

Estas axudas acóllense ao previsto no artigo 4 do Regulamento (CE) nº 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro, sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción de produtos agrícolas e polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 70/2001, o que se lle comunicou, de acordo co estipulado no citado regulamento.

Pola súa banda, a Orde do 13 de xullo de 2010 (DOG nº 136, do 19 de xullo) establece as bases reguladoras de concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva para a renovación do parque de maquinaria agrícola da Comunidade Autónoma de Galicia.

Estas axudas fináncianse con fondos do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, así como con outras achegas que para estes mesmos fins puidese facer a Consellería do Medio Rural e do Mar.

En virtude do exposto, de conformidade co artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

A presente orde ten por obxecto modificar a Orde do 13 de xullo de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva para a renovación do parque de maquinaria agrícola da Comunidade Autónoma de Galicia, e convocar a concesión das ditas axudas para o ano 2012.

CVE-DOG: uqbpo4s2-afv8-dhy0-hkb4-qszhmrl3fnv3

Artigo 2. *Modificación da Orde do 13 de xullo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva para a renovación do parque de maquinaria agrícola da Comunidade Autónoma de Galicia*

Un. O artigo 7 das bases reguladoras queda redactado como segue:

«1. As solicitudes de axudas formularanse conforme os anexos que se xuntan a esta e dirixiranse á Consellería do Medio Rural e do Mar. As ditas solicitudes deberán presentarse por calquera dos seguintes medios:

a) En soporte papel, preferentemente nas oficinas agrarias comarcais, nos rexistros das xefaturas territoriais da Consellería do Medio Rural e do Mar ou en calquera dos lugares e nas formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) Telematicamente poderá efectuarse a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, no enderezo https://sede.xunta.es

Neste caso, os solicitantes deberán anexar, ademais, unha declaración responsable de que os documentos escaneados son orixinais e auténticos, sen prexuízo de que se lles poida requirir a exhibición dos propios orixinais en calquera momento da tramitación do procedemento.

2. Coa solicitude de axuda achegarase a documentación complementaria establecida na orde e, ademais:

a) Fotocopia cotexada do DNI do solicitante persoa física ou autorización ao órgano instrutor do procedemento para a consulta telemática dos seus datos de identidade no Ministerio de Administracións Públicas. Para iso deberá xuntar o anexo correspondente marcando o recadro de autorización.

b) Se o solicitante é persoa xurídica, fotocopia cotexada do DNI do representante ou autorización ao órgano instrutor do procedemento para a consulta telemática dos seus datos de identidade no Ministerio de Administracións Públicas. Para iso deberá xuntar o anexo correspondente marcando o recadro de autorización e, ademais, deberá presentar fotocopia cotexada do NIF do solicitante.

c) No caso de persoas xurídicas cuxa actividade principal é a produción agraria, fotocopia cotexada do DNI de todos os socios ou autorización ao órgano instrutor do procedemento para a consulta telemática dos seus datos de identidade no Ministerio de Administracións Públicas. Para iso deberá xuntar o anexo correspondente marcando o recadro de autorización.

CVE-DOG: uqbpo4s2-afv8-dhy0-hkb4-qszhmrl3fnv3

d) Fotocopia da cartilla agrícola e ficha técnica do tractor ou máquina automotriz vella para desmantelar, e fotocopia da cartilla agrícola e certificado de características técnicas no caso de que se desmantelen máquinas de aplicación de produtos fitosanitarios ou de distribución de fertilizantes.

e) Unha factura pro forma do novo tractor ou máquina que se adquira, na cal deberá figurar a marca, modelo e prezo neto sen IVE.

f) Fotocopia cotexada dos estatutos e documentos de constitución do solicitante persoa xurídica en que deberá figurar o selo do rexistro coa a súa inscrición, de ser o caso.

g) No caso de empresas de servizos agrarios, certificado da Axencia Tributaria que recolla a alta na actividade de prestación de servizos agrarios.

h) Para xustificar que o tractor ou máquina vella para desmantelar está vinculada á mesma explotación do solicitante, deberá achegar unha ou algunha da seguinte documentación, segundo o caso:

– Fotocopia cotexada de transmisión ou cambio do titular da explotación, ou fotocopia de certificado de defunción, de invalidez, de xubilación, ou do libro de familia, certificado de convivencia, certificado de empadroamento ou certificado de inscrición do Rexistro de Parellas de Feito do seu anterior titular, ou, nos casos de primeira incorporación dos/as mozos/as á titularidade ou cotitularidade da explotación agraria, unha fotocopia da súa incorporación.

i) Se o titular do tractor ou máquina agrícola vella para desmantelar é socio da cooperativa ou SAT, certificado de pertencer a ela.

j) Certificado de emisión de gases contaminantes do tractor novo, de ser o caso.

k) Declaración doutras axudas solicitadas para a mesma finalidade.

l) Informe da vida laboral na actividade agraria das persoas que traballan na explotación agraria.

m) Se o solicitante é unha persoa física titular de explotación agraria, fotocopia cotexada da última declaración da renda e informe da vida laboral na actividade agraria.

n) Se o solicitante é unha persoa xurídica titular da explotación agraria, deberá achegar fotocopia cotexada do último exercicio da declaración de imposto de sociedades e da declaración da renda e informe da vida laboral na actividade agraria de, polo menos, o 50 % dos socios.

CVE-DOG: uqbpo4s2-afv8-dhy0-hkb4-qszhmrl3fnv3

ñ) No caso de que o solicitante persoa física teña unha explotación con titularidade compartida, deberá achegar do cónxuxe ou parella de feito o informe da vida laboral, a última declaración da renda e a fotocopia cotexada do DNI ou autorización ao órgano instrutor do procedemento para consulta telemática dos seus datos de identidade no Ministerio de Administracións Públicas. Para iso deberá xuntar o anexo correspondente marcando o recadro de autorización e, ademais, deberá presentar a fotocopia cotexada do libro de familia ou o certificado de inscrición no Rexistro de Parellas de Feito.

3. A presentación da solicitude de axuda polas persoas ou entidades interesadas comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que teñan que emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de acordo co previsto no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Recibidas as solicitudes, examinaranse os documentos presentados. No caso de que sexan detectadas faltas ou omisións, requirirase, conforme o artigo 71 da LRXAP-PAC, o interesado para emendar os erros ou xuntar a documentación preceptiva no prazo de dez días hábiles, considerándose que desistiu da súa solicitude en caso contrario, logo de resolución en tal sentido».

Dous. O artigo 14 das bases reguladoras queda redactado como segue:

«No suposto de tractores de época ou históricos de máis de 30 anos de antigüidade, con valor de colección ou susceptibles de exposición en museos, poderase substituír o seu desmantelamento pola entrega a unha entidade ou asociación legalmente constituída, en cuxos estatutos se recolla esta actividade, que deberá emitir un certificado no cal conste o valor de colección ou exposición en museos que garanta a súa retirada da actividade agraria, e darase de baixa no ROMA cunha anotación de vehículo histórico. No caso de que a entrega á asociación consista nunha cesión para efectos museísticos ou de conservación, pero que non se produza a transmisión efectiva da propiedade do tractor e que a asociación non dispoña dun local para a recepción deste, o tractor poderá quedar na explotación do titular sempre que o titular proceda á matriculación como vehículo histórico ao seu nome e que no certificado que achegue a asociación se faga constar que dispón a cesión do vehículo para as actividades propias dun vehículo de exhibición no ámbito das actuacións desta».

Artigo 3. *Convocatoria*

1. Mediante a presente orde convócase a concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva para a renovación do parque de maquinaria agrícola da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012.

CVE-DOG: uqbpo4s2-afv8-dhy0-hkb4-qszhmrl3fnv3

2. Nos aspectos non previstos na presente orde será aplicable o disposto no Real decreto 457/2010, do 16 de abril, polo que se regula a concesión de axudas para a renovación do parque nacional de maquinaria agrícola; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no seu Regulamento executivo, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 19 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

Artigo 4. *Solicitudes, xestión e xustificación*

1. As solicitudes de axuda para a convocatoria do ano 2012 formularanse conforme os modelos que se xuntan nesta orde, anexos I, II, III, IV, V, VI, VII, VIII e anexo complementario. O procedemento de xestión e xustificación das axudas será o establecido con carácter xeral na Orde do 13 de xullo de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras de concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva para a renovación do parque de maquinaria agrícola da Comunidade Autónoma de Galicia, coas modificacións introducidas no artigo 2 desta orde.

2. As solicitudes que foron desestimadas na convocatoria do ano 2011 por falta de orzamento poderán ser presentadas novamente segundo o modelo do anexo V desta orde.

Artigo 5. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día de prazo o correspondente ao mesmo día ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houbese día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro día do mes.

Artigo 6. *Financiamento*

O financiamento das axudas reguladas nesta orde efectuarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012. Será de 315.798,26 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 16.22.713C.770.2 (código proxecto 200800429); de 50.467,28 euros, con cargo á aplicación orzamentaria

CVE-DOG: uqbpo4s2-afv8-dhy0-hkb4-qszhmrl3fnv3

16.22.712C.770.1 (código proxecto 200700425), e de 520,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 16.22.712C.770.0 (código proxecto 200209800), que se poderán incrementar, con xeración, ampliación ou incorporación de créditos, con fondos adicionais e con outros remanentes orzamentarios.

Artigo 7. *Xustificante de cumprimento das obrigas*

Quedan exentos de achegar os xustificantes de cumprimento das obrigas os solicitantes das axudas especificadas na Lei 11/2011, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012.

Artigo 8. *Publicación oficial*

1. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería do Medio Rural e do Mar publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas ou entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web. Tamén se procederá á súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo coa Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso.

Disposición derradeira

Facúltase o director xeral de Produción Agropecuaria para ditar as instrucións que considere oportunas para a execución desta orde.

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2012

Rosa Mª Quintana Carballo
Conselleira do Medio Rural e do Mar

CVE-DOG: uqbpo4s2-afv8-dhy0-hkb4-qszhmrl3fnv3

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

ANEXO I

| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
|---|---|---|
| **AXUDAS PARA A RENOVACIÓN DO PARQUE DE MAQUINARIA AGRÍCOLA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (RD 457/2010) PARA PERSOAS FÍSICAS** | **MR414A** | **SOLICITUDE** |

Os campos sinalados con * son obrigatorios

**DATOS DO SOLICITANTE**

| NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF * |
|---|---|---|---|
| | | | |

| ENDEREZO | LOCALIDADE |
|---|---|
| | |

| CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO |
|---|---|---|
| | | |

| TELÉFONO | FAX | ENDEREZO ELECTRÓNICO |
|---|---|---|
| | | |

MÁRQUESE O QUE PROCEDA:

AGRICULTOR MOZO OU TITULARIDADE COMPARTIDA ○ SI ○ NON MULLER ○ SI ○ NON EXPLOTACIÓN PRIORITARIA ○ SI ○ NON ZONA DESFAVORECIDA/MONTAÑA ○ SI ○ NON

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN,**

| NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | DNI/NIF |
|---|---|---|---|
| | | | |

**DATOS DA EXPLOTACIÓN**

| CEA | ENDEREZO |
|---|---|
| | |

| SUPERFICIE TOTAL CULTIVADA | TIPOS DE CULTIVO (ha) | NÚMERO E TIPO DE GANDO |
|---|---|---|
| | | |

| PARQUE DE MAQUINARIA EXISTENTE |
|---|
| |

**NÚMERO DE TRACTORES OU MÁQUINAS AGRICOLAS PARA DESMANTELAR:**

**TRACTOR/MOTOCULTOR OU MÁQUINA AGRÍCOLA PARA DESMANTELAR**

| TRACTOR OU MOTOCULTOR | MARCA | MODELO | MATRÍCULA | ESTRUTURA SI/NON | DATA 1ª INSCRICIÓN | POTENCIA CV |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | ○ SI ○ NON | | |
| | | | | ○ SI ○ NON | | |
| | | | | ○ SI ○ NON | | |

| MÁQUINA AUTOMOTRIZ | MARCA | MODELO | MATRÍCULA | DATA 1ª INSCRICIÓN | POTENCIA FISCAL |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |
| | | | | | |

| EQUIPAMENTO DE TRATAMENTO FITOSANITARIO OU DE DISTRIBUCIÓN DE FERTILIZANTES QUE SE DESMANTELA XUNTO CO TRACTOR | DATA 1ª INSCRICIÓN | MARCA | MODELO |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |

**TOTAL CV PARA DESMANTELAR: P. FISCAL: ( ______ x 5) = ______ + POTENCIA CV: ______ = TOTAL CV ______**

**TRACTOR OU MAQUINARIA NOVA QUE SE VAI ADQUIRIR**

| CLASE DE MÁQUINA | MARCA | MODELO | CLASIFICACIÓN ENERXÉTICA A/B | EMISIÓN DE GASES SI/NON | PREZO NETO (sen IVE) |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | ○ SI ○ NON | |

galicia | GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

Dirección Xeral de Produción Agropecuaria

CVE-DOG: uqbpo4s2-afv8-dhy0-hkb4-qszhmrl3fnv3

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

ANEXO I
(continuación)

**AXUDA SOLICITADA (márquese o que proceda)**

| | CUMPRE | | | |
|---|---|---|---|---|
| Contía base: (80 €/CV) | SI | 80 € x | CV = | € |
| Explotación prioritaria: (35 €/CV) | ◯ SI ◯ NON | 35 € x | CV = | € |
| Agricultor mozo/a ou explotación de titularidade compartida: (25 €/CV) | ◯ SI ◯ NON | 25 € x | CV = | € |
| Explotación en zona desfavorecida/montaña: (10 €/CV) | ◯ SI ◯ NON | 10 € x | CV = | € |
| Tractor para desmantelar sen estrutura de protección homologada: (80 €/CV) | ◯ SI ◯ NON | 80 € x | CV = | € |
| Xunto co tractor, desmantélase equipamento de tratamentos fitosanitarios ou de distribución de fertilizantes: (50 €/CV) | ◯ SI ◯ NON | 50 € x | CV = | € |
| Tractor novo con clasificación enerxética A: (30 €/CV) | ◯ SI ◯ NON | 30 € x | CV = | € |
| Tractor novo con clasificación enerxética B: (10 €/CV) | ◯ SI ◯ NON | 10 € x | CV = | € |
| Tractor novo con valores de emisións inferiores aos exixidos: (10 €/CV) | ◯ SI ◯ NON | 10 € x | CV = | € |
| | TOTAL AXUDA | | | € |

**DATOS BANCARIOS**

NOME DA ENTIDADE

NÚMERO DE CONTA BANCARIA (20 DÍXITOS)

**DECLARA QUE:**

- Ten a consideración de peme, conforme o anexo do Regulamento (CE) nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008.
- Non ten a consideración de empresa en crise.
- Non ten sido sancionado por delitos ou infraccións ambientais ou contra a Facenda pública.
- Non está incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario.
- Os datos bancarios consignados nesta solicitude son certos.

**COMPROMISOS**

- O cumprimento das normas comunitarias aplicables de acordo co artigo 26 do Regulamento CE nº 1698/2005.
- O cumprimento das normas mínimas en materia de ambiente, hixiene e benestar dos animais.
- A comunicación inmediata á Consellería do Medio Rural e do Mar e devolución íntegra da axuda concedida no caso de venda da maquinaria ou equipamento agrario, nos cinco anos con posterioridade ao outorgamento, segundo o procedemento previsto no artigo 42 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e de acordo co sinalado no artigo 4.1.f) do Real decreto 457/2010, do 16 de abril.

**EXPÓN:**

1. Que autoriza a Consellería do Medio Rural e do Mar a incluír e facer públicos, nos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas; e que autoriza a Consellería do Medio Rural e do Mar para o tratamento necesario dos seus datos, para os efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, para publicar na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.
2. Que autoriza a Consellería do Medio Rural e do Mar, durante todo o período de compromisos, a solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, segundo o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño.
3. Que autoriza a Consellería, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos seus datos de identidade no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio da Presidencia. ◯ SI ◯ NON

**SOLICITA:** a axuda máxima que proceda.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Orde do 13 de xullo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras de concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva para a renovación do parque de maquinaria agrícola da Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 3 de outubro de 2012 pola que se modifica a Orde do 13 de xullo de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras de concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva para a renovación do parque de maquinaria agrícola da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2012.

**SINATURA DO SOLICITANTE OU REPRESENTANTE LEGAL**

Lugar e data

, de de

galicia

GOBIERNO DE ESPAÑA — MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

Dirección Xeral de Produción Agropecuaria

**CÓDIGO SOLICITUDE:**

CVE-DOG: uqbpo4s2-afv8-dhy0-hkb4-qszhmrl3fnv3

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

ANEXO I
(continuación)

**DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA**

- ☐ Fotocopia cotexada do DNI do titular, no caso de non autorizar os datos de consulta de identidade.
- ☐ Deberá achegar do cónxuxe ou parella de feito, no caso de que cotice na actividade agraria, o informe da vida laboral, a última declaración da renda e a fotocopia cotexada do DNI, no caso de non autorizar os datos de consulta de identidade, e ademais a fotocopia cotexada do libro de familia ou o certificado de inscrición no Rexistro de Parellas de Feito.
- ☐ Factura pro forma da nova máquina agrícola/tractor.
- ☐ Fotocopia da cartilla agrícola e ficha técnica do tractor ou máquina automotriz vella, e fotocopia de cartilla agrícola e certificado de características técnicas do equipamento de tratamento fitosanitario ou de distribución de fertilizantes para desmantelar.
- ☐ ITV ou seguro ao día do tractor/máquina automotriz ou informe dun técnico do Servizo de Explotacións Agrarias ou da OAC.
- ☐ Declaración doutras axudas solicitadas para a mesma finalidade.
- ☐ Certificado de emisión de gases contaminantes do novo tractor.
- ☐ Informe da vida laboral na actividade agraria do solicitante.
- ☐ Informe da vida laboral na actividade agraria das persoas que traballan na explotación.
- ☐ Fotocopia cotexada da última declaración da renda.
- ☐ Declaración de superficies da SAU da explotación, naqueles casos que non teñan presentado a solicitude unificada.

galicia — GOBIERNO DE ESPAÑA — MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

Dirección Xeral de Produción Agropecuaria

CVE-DOG: uqbpo4s2-afv8-dhy0-hkb4-qszhmrl3fnv3

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

ANEXO II

| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
|---|---|---|
| **AXUDAS PARA A RENOVACIÓN DO PARQUE DE MAQUINARIA AGRÍCOLA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (RD 457/2010) PARA COOPERATIVAS E SAT** | **MR414B** | **SOLICITUDE** |

Os campos sinalados con * son obrigatorios

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

RAZÓN SOCIAL | NIF *

ENDEREZO | LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO

TELÉFONO | FAX | ENDEREZO ELECTRÓNICO

MÁRQUESE O QUE PROCEDA:

EXPLOTACIÓN PRIORITARIA ○ SI ○ NON    ZONA DESFAVORECIDA/MONTAÑA ○ SI ○ NON

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN**

NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | DNI/NIF

CLASE DE COOPERATIVA/SAT | CEA | DATA DE CONSTITUCIÓN

OBXECTO SOCIAL DA COOPERATIVA/SAT | Nº REXISTRO | Nº SOCIOS TOTAIS | Nº SOCIOS MAQUINARIA

SUPERFICIE QUE VAI TRABALLAR | PARQUE MAQUINARIA EXISTENTE

ACTIVIDADES E CULTIVOS PRINCIPAIS DOS SOCIOS DE MAQUINARIA | NÚMERO E TIPO DE GANDO

**NÚMERO DE TRACTORES OU MÁQUINAS AGRÍCOLAS PARA DESMANTELAR:**

**TRACTOR/MOTOCULTOR OU MÁQUINA AGRÍCOLA PARA DESMANTELAR**

| TRACTOR OU MOTOCULTOR | MARCA | MODELO | MATRÍCULA | ESTRUTURA SI/NON | DATA 1ª INSCRICIÓN | POTENCIA CV |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | ○ SI ○ NON | | |
| | | | | ○ SI ○ NON | | |
| | | | | ○ SI ○ NON | | |

| MÁQUINA AUTOMOTRIZ | MARCA | MODELO | MATRÍCULA | DATA 1ª INSCRICIÓN | POTENCIA FISCAL |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |
| | | | | | |

| EQUIPAMENTO DE TRATAMENTO FITOSANITARIO OU DE DISTRIBUCIÓN DE FERTILIZANTES QUE SE DESMANTELA XUNTO CO TRACTOR | DATA 1ª INSCRICIÓN | MARCA | MODELO |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |

**TOTAL CV PARA DESMANTELAR: P. FISCAL: ( x 5) = + POTENCIA CV: = TOTAL CV**

**TRACTOR OU MAQUINARIA NOVA QUE SE VAI ADQUIRIR**

| CLASE DE MÁQUINA | MARCA | MODELO | CLASIFICACIÓN ENERXÉTICA A/B | EMISIÓN DE GASES SI/NON | PREZO NETO (sen IVE) |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | ○ SI ○ NON | |

galicia | GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

Dirección Xeral de Produción Agropecuaria

CVE-DOG: uqbpo4s2-afv8-dhy0-hkb4-qszhmrl3fnv3


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

ANEXO II
(continuación)

**AXUDA SOLICITADA (márquese o que proceda)**

| | CUMPRE | | | |
|---|---|---|---|---|
| Contía base: (80 €/CV) | SI | 80 € x | CV = | € |
| Por ser cooperativa agraria ou SAT: (70 €/CV) | SI | 70 € x | CV = | € |
| Tractor para desmantelar sen estrutura de protección homologada: (80 €/CV) | ◯ SI ◯ NON | 80 € x | CV = | € |
| Xunto co tractor, desmantélase equipamento de tratamentos fitosanitarios ou de distribución de fertilizantes (50 €/CV) | ◯ SI ◯ NON | 50 € x | CV = | € |
| Tractor novo con clasificación enerxética A: (30 €/CV) | ◯ SI ◯ NON | 30 € x | CV = | € |
| Tractor novo con clasificación enerxética B: (10 €/CV) | ◯ SI ◯ NON | 10 € x | CV = | € |
| Tractor novo con valores de emisións inferiores aos exixidos: (10 €/CV) | ◯ SI ◯ NON | 10 € x | CV = | € |
| | TOTAL AXUDA | | | € |

**DATOS BANCARIOS**

NOME DA ENTIDADE

NÚMERO DE CONTA BANCARIA (20 DÍXITOS)

**DECLARA QUE:**

- Ten a consideración de peme, conforme o anexo do Regulamento (CE) nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008.
- Non ten a consideración de empresa en crise.
- Non ten sido sancionado por delitos ou infraccións ambientais ou contra a Facenda pública.
- Non está incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario.
- Os datos bancarios consignados nesta solicitude son certos.

**COMPROMISOS**

- O cumprimento das normas comunitarias aplicables de acordo co artigo 26 do Regulamento CE nº 1698/2005.
- O cumprimento das normas mínimas en materia de ambiente, hixiene e benestar dos animais.
- A comunicación inmediata á Consellería do Medio Rural e do Mar e devolución íntegra da axuda concedida no caso de venda da maquinaria ou equipamento agrario, nos cinco anos con posterioridade ao outorgamento, segundo o procedemento previsto no artigo 42 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e de acordo co sinalado no artigo 4.1.f) do Real decreto 457/2010, do 16 de abril.

**EXPÓN:**

1. Que autoriza a Consellería do Medio Rural e do Mar a incluír e facer públicos, nos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas; e que autoriza a Consellería do Medio Rural e do Mar para o tratamento necesario dos seus datos, para os efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, para publicar na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios o importe das axudas concedidas.
2. Que autoriza a Consellería do Medio Rural e do Mar, durante todo o período de compromisos, a solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, segundo o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño.
3. Que autoriza a consellería, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos seus datos de identidade no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio da Presidencia. ◯ SI ◯ NON

**SOLICITA:** a axuda máxima que proceda.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Orde do 13 de xullo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras de concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva para a renovación do parque de maquinaria agrícola da Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 3 de outubro de 2012 pola que se modifica a Orde do 13 de xullo de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras de concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva para a renovación do parque de maquinaria agrícola da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2012.

**SINATURA DO/A SOLICITANTE OU REPRESENTANTE LEGAL**

Lugar e data

, de de

galicia

GOBIERNO DE ESPAÑA — MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

Dirección Xeral de Produción Agropecuaria

CVE-DOG: uqbpo4s2-afv8-dhy0-hkb4-qszhmrl3fnv3

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

ANEXO II
(continuación)

**DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA**

- ☐ Fotocopia cotexada do NIF da entidade.
- ☐ Fotocopia cotexada do DNI do representante, no caso de non autorizar os datos de consulta de identidade.
- ☐ No caso de cooperativas ou SAT cuxa actividade principal é a produción agraria, fotocopia cotexada do DNI de todos os socios, no caso de non autorizar os datos de consulta de identidade.
- ☐ Factura pro forma da nova máquina agrícola/tractor.
- ☐ Fotocopia da cartilla agrícola e ficha técnica do tractor ou máquina automotriz vella, e fotocopia de cartilla agrícola e certificado de características técnicas do equipamento de tratamento fitosanitario ou de distribución de fertilizantes para desmantelar.
- ☐ ITV ou seguro ao día do tractor/máquina automotriz ou informe dun técnico do Servizo de Explotacións Agrarias ou da OAC.
- ☐ Declaración doutras axudas solicitadas para a mesma finalidade.
- ☐ Certificado de emisión de gases contaminantes do novo tractor.
- ☐ Estatutos e documentos de constitución da cooperativa/SAT.
- ☐ Se o titular do tractor ou máquina agrícola vella para desmantelar é socio da cooperativa ou SAT, certificado de pertenza a ela.
- ☐ Solicitante persoa xurídica titular da explotación agraria, fotocopia cotexada da declaración de impostos de sociedades do último exercicio e declaración da renda e informe da vida laboral na actividade agraria de, polo menos, o 50 % dos socios.
- ☐ Informe da vida laboral na actividade agraria das persoas que traballan na explotación.
- ☐ Declaración de superficies da SAU da explotación, naqueles casos que non teñan presentado a solicitude unificada.

galicia GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

Dirección Xeral de Produción Agropecuaria

CVE-DOG: uqbpo4s2-afv8-dhy0-hkb4-qszhmrl3fnv3

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

ANEXO III

| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
|---|---|---|
| AXUDAS PARA A RENOVACIÓN DO PARQUE DE MAQUINARIA AGRÍCOLA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (RD 457/2010) PERSOAS XURÍDICAS E EMPRESAS DE SERVIZOS AGRARIOS | MR414C | SOLICITUDE |

Os campos sinalados con * son obrigatorios

## DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL | NIF *

ENDEREZO | LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO

TELÉFONO | FAX | ENDEREZO ELECTRÓNICO

MÁRQUESE O QUE PROCEDA:

EXPLOTACIÓN PRIORITARIA ○ SI ○ NON    ZONA DESFAVORECIDA/ MONTAÑA ○ SI ○ NON

## E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

TIPO DE SOCIEDADE E EMPRESA DE SERVIZOS AGRARIOS | CEA | DATA DE CONSTITUCIÓN

OBXETO SOCIAL DA SOCIEDADE OU EMPRESA DE SERVIZOS AGRARIOS | Nº REXISTRO | Nº SOCIOS TOTAIS

SUPERFICIE QUE VAI TRABALLAR | PARQUE MAQUINARIA EXISTENTE

¿ACREDITA QUE A SÚA ACTIVIDADE PRINCIPAL SEXA AGRARIA? ○ SI ○ NON | NÚMERO E TIPO DE GANDO

**NÚMERO DE TRACTORES OU MÁQUINAS AGRICOLAS PARA DESMANTELAR:**

## TRACTOR/MOTOCULTOR OU MÁQUINA AGRÍCOLA PARA DESMANTELAR

| TRACTOR OU MOTOCULTOR | MARCA | MODELO | MATRÍCULA | ESTRUTURA SI/NON | DATA 1ª INSCRICIÓN | POTENCIA CV |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | ○ SI ○ NON | | |
| | | | | ○ SI ○ NON | | |
| | | | | ○ SI ○ NON | | |

| MÁQUINA AUTOMOTRIZ | MARCA | MODELO | MATRÍCULA | DATA 1ª INSCRICIÓN | POTENCIA FISCAL |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |
| | | | | | |

| EQUIPAMENTO DE TRATAMENTO FITOSANITARIO OU DE DISTRIBUCIÓN DE FERTILIZANTES QUE SE DESMANTELA XUNTO CO TRACTOR | DATA 1ª INSCRICIÓN | MARCA | MODELO |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |

**TOTAL CV PARA DESMANTELAR: P. FISCAL: ( x 5) = + POTENCIA CV: = TOTAL CV**

## TRACTOR OU MAQUINARIA NOVA QUE SE VAI ADQUIRIR

| CLASE DE MÁQUINA | MARCA | MODELO | CLASIFICACIÓN ENERXÉTICA A/B | EMISIÓN DE GASES SI/NON | PREZO NETO (sen IVE) |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | ○ SI ○ NON | |

galicia    GOBIERNO DE ESPAÑA    MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

Dirección Xeral de Produción Agropecuaria

CVE-DOG: uqbpo4s2-afv8-dhy0-hkb4-qszhmrl3fnv3

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

ANEXO III
(continuación)

**AXUDA SOLICITADA (márquese o que proceda)**

| | CUMPRE | | | |
|---|---|---|---|---|
| Contía base: (80 €/CV) | SI | 80 € x | CV = | € |
| Por ser persoa xurídica ou empresa de servizos agrarios: (25 €/CV) | SI | 25 € x | CV = | € |
| Tractor para desmantelar sen estrutura de protección homologada: (80 €/CV) | ◯ SI ◯ NON | 80 € x | CV = | € |
| Xunto co tractor, desmantélase equipamento de tratamentos fitosanitarios ou de distribución de fertilizantes: (50 €/CV) | ◯ SI ◯ NON | 50 € x | CV = | € |
| Tractor novo con clasificación enerxética A: (30 €/CV) | ◯ SI ◯ NON | 30 € x | CV = | € |
| Tractor novo con clasificación enerxética B: (10 €/CV) | ◯ SI ◯ NON | 10 € x | CV = | € |
| Tractor novo con valores de emisións inferiores aos exixidos: (10 €/CV) | ◯ SI ◯ NON | 10 € x | CV = | € |
| | TOTAL AXUDA | | | € |

**DATOS BANCARIOS**
NOME DA ENTIDADE

NÚMERO DE CONTA BANCARIA (20 DÍXITOS)

**DECLARA QUE:**

- Ten a consideración de peme, conforme o anexo do Regulamento (CE) nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008.
- Non ten a consideración de empresa en crise.
- Non ten sido sancionado por delitos ou infraccións ambientais ou contra a Facenda pública.
- Non está incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario.
- Os datos bancarios consignados nesta solicitude son certos.

**COMPROMISOS**

- O cumprimento das normas comunitarias aplicables de acordo co artigo 26 do Regulamento CE nº 1698/2005.
- O cumprimento das normas mínimas en materia de ambiente, hixiene e benestar dos animais.
- A comunicación inmediata á Consellería do Medio Rural e do Mar e devolución íntegra da axuda concedida no caso de venda da maquinaria ou equipamento agrario, nos cinco anos con posterioridade ao outorgamento, segundo o procedemento previsto no artigo 42 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e de acordo co sinalado no artigo 4.1.f) do Real decreto 457/2010, do 16 de abril.

**EXPÓN:**

1. Que autoriza a Consellería do Medio Rural e do Mar a incluír e facer públicos, nos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas; e que autoriza a Consellería do Medio Rural e do Mar para o tratamento necesario dos seus datos, para os efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, para publicar na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.
2. Que autoriza a Consellería do Medio Rural e do Mar, durante todo o período de compromisos, a solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, segundo o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño.
3. Que autoriza a consellería, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos seus datos de identidade no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio da Presidencia. ◯ SI ◯ NON

**SOLICITA:** a axuda máxima que proceda.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Orde do 13 de xullo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras de concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva para a renovación do parque de maquinaria agrícola da Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 3 de outubro de 2012 pola que se modifica a Orde do 13 de xullo de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras de concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva para a renovación do parque de maquinaria agrícola da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2012.

**SINATURA DO SOLICITANTE OU REPRESENTANTE LEGAL**

Lugar e data

, de de

galicia

GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

Dirección Xeral de Produción Agropecuaria

CVE-DOG: uqbpo4s2-afv8-dhy0-hkb4-qszhmrl3fnv3

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

ANEXO III
(continuación)

**DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA**

- ☐ Fotocopia cotexada do NIF da entidade.
- ☐ Fotocopia cotexada do DNI do representante, no caso de non autorizar os datos de consulta de identidade.
- ☐ No caso de persoa xurídica cuxa actividade principal é a produción agraria, fotocopia cotexada do DNI de todos os socios, no caso de non autorizar os datos de consulta de identidade.
- ☐ Factura pro forma da nova máquina agrícola/tractor.
- ☐ Fotocopia da cartilla agrícola e ficha técnica do tractor ou máquina automotriz vella, e fotocopia de cartilla agrícola e certificado de características técnicas do equipamento de tratamento fitosanitario ou de distribución de fertilizantes para desmantelar.
- ☐ ITV ou seguro ao día do tractor/máquina automotriz ou informe dun técnico do Servizo de Explotacións Agrarias ou da OAC.
- ☐ Declaración doutras axudas solicitadas para a mesma finalidade.
- ☐ Certificado de emisión de gases contaminantes do novo tractor.
- ☐ Estatutos e documentos de constitución.
- ☐ No caso de empresas de servizos agrarios, certificado da Axencia Tributaria que recolla a alta na actividade de prestación de servizos agrarios.
- ☐ Solicitante persoa xurídica titular da explotación agraria, fotocopia cotexada da declaración de impostos de sociedades do último exercicio e declaración da renda e informe da vida laboral na actividade agraria de, polo menos, o 50 % dos socios.
- ☐ Informe da vida laboral na actividade agraria das persoas que traballan na explotación.
- ☐ Declaración de superficies da SAU da explotación, naqueles casos que non teñan presentado a solicitude unificada.

galicia

GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

Dirección Xeral de Produción Agropecuaria

CVE-DOG: uqbpo4s2-afv8-dhy0-hkb4-qszhmrl3fnv3

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

ANEXO IV

**INFORME DE ESTAR EN CONDICIÓN DE USO E NON ABANDONO DA MAQUINARIA AGRÍCOLA PARA DESMANTELAR**

Don/Dona ______ , co NIF ______

técnico do Servizo de Explotacións Agrarias de ______ ou técnico da Oficina Agraria Comarcal

de ______ en relación coa solicitude de axudas para a renovación do parque de maquinaria agrícola

da Comunidade Autónoma de Galicia da Orde do _____ de ___________ de _______.

**INFORMA QUE:**

O día ______ presentouse na explotación/ou domicilio do solicitante da axuda ______

co NIF ______ , con domicilio no lugar de ______

parroquia de ______ concello de ______

provincia de ______

e verificou que o:

- Tractor con nº de bastidor ______, marca ______, modelo ______,
  matrícula ______
- Máquina automotriz: tipo de máquina ______, nº de bastidor ______
  marca ______, modelo ______, matrícula ______

está ou están en condición de uso e non abandono.

E, para que conste para os efectos do establecido no punto 1.c) do artigo 5 do RD 457/2010, do 16 de abril, polo que se regula a concesión de axudas para a renovación do parque nacional de maquinaria agrícola, asino a presente.

Lugar e data
______ , ______ de ______ de ______

galicia

GOBIERNO DE ESPAÑA — MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

Dirección Xeral de Produción Agropecuaria

CVE-DOG: uqbpo4s2-afv8-dhy0-hkb4-qszhmrl3fnv3

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

ANEXO V

**MODELO DE CONFIRMACIÓN DE SOLICITUDE PARA O ANO 2012 DE SOLICITUDES DESESTIMADAS POR FALTA DE ORZAMENTO NA CONVOCATORIA DE AXUDA PARA A RENOVACIÓN DO PARQUE DE MAQUINARIA AGRÍCOLA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DURANTE O ANO 2011**

Nome e apelidos/razón social ______ , co NIF ______

na súa representación D/Dª ______

co NIF ______ como solicitante da axuda con data de entrada do ______ no Rexistro de Entrada ______ nº de expediente ______ para a renovación do parque de maquinaria agrícola durante o ano 2011.

**EXPÓN:**

- Que solicitou a axuda de renovación do parque de maquinaria agrícola da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente á convocatoria do ano 2011.
- Que, cumprindo os requisitos da dita convocatoria, a solicitude non puido ser atendida por falta de dispoñibilidade orzamentaria, e visto o artigo 7, número 7, do RD 457/2010 e o artigo 9, número 3, da Orde do 13 de xullo de 2010 que establece as bases reguladoras de concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva para a renovación do parque de maquinaria agrícola da Comunidade Autónoma de Galicia,

**SOLICITA:**

- A incorporación da solicitude e documentación presentada na convocatoria 2011 á correspondente de 2012, nas condicións establecidas nesta convocatoria de axudas para a renovación da maquinaria agrícola da Comunidade Autónoma de Galicia.
- A axuda máxima que proceda.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA:**

- Factura pro forma da nova máquina agrícola/tractor e certificado de emisións do novo tractor, de ser o caso.
- ITV/ou seguro en vigor/ou informe dun técnico da máquina automotriz/tractor para desmantelar.
- Se o solicitante é unha persoa física titular da explotación agraria, cómpre achegar o informe actualizado da vida laboral na actividade agraria.
- Se o solicitante é unha persoa xurídica titular da explotación agraria, cómpre achegar o informe actualizado da vida laboral na actividade agraria de, polo menos, o 50 % dos socios.
- Informe actualizado da vida laboral na actividade agraria das persoas que traballan na explotación.
- Declaración doutras axudas solicitadas para a mesma finalidade.

Asdo.:

Lugar e data
______ , ______ de ______ de ______

galicia

GOBIERNO DE ESPAÑA — MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

Dirección Xeral de Produción Agropecuaria

CVE-DOG: uqbpo4s2-afv8-dhy0-hkb4-qszhmrl3fnv3

DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 195 Xoves, 11 de outubro de 2012 Páx. 39109

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

ANEXO VI

## DECLARACIÓN DE AXUDAS SOLICITADAS PARA A MESMA FINALIDADE

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL | NIF

ENDEREZO | LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN**

NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

**DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

Que, con relación á solicitude de axuda en réxime de concorrencia competitiva para a renovación do parque de maquinaria de Galicia, segundo o artigo 3 do RD 457/2010, do 16 de abril,

○ Non teño solicitada nin concedida ningunha outra axuda para o mesmo investimento.

○ Teño solicitada e/ou concedida axuda para o mesma investimento, a través de:

Nº EXPEDIENTE

e por un importe de ______ €

E, para que conste para os efectos do establecido no artigo 3 do RD 457/2010, do 16 de abril, asino a presente:

Lugar e data

______ , ______ de ______ de ______

galicia

GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

Dirección Xeral de Produción Agropecuaria

CVE-DOG: uqbpo4s2-afv8-dhy0-hkb4-qszhmrl3fnv3

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

ANEXO VII

**AUTORIZACIÓN DOS SOCIOS**

| NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
|---|---|---|---|
| | | | |

| DOMICILIO | LOCALIDADE |
|---|---|
| | |

| CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO |
|---|---|---|
| | | |

Con relación á Orde do 3 de outubro de 2012 pola que se modifica a Orde do 13 de xullo de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras de concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva para a renovación do parque de maquinaria agrícola da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2012.

Autorizo a Consellería, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio da Presidencia.

◯ SI ◯ NON

Asdo.:

Lugar e data

______ , ______ de ______ de ______

galicia | GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

Dirección Xeral de Produción Agropecuaria

CVE-DOG: uqbpo4s2-afv8-dhy0-hkb4-qszhmrl3fnv3


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

ANEXO COMPLEMENTARIO

(CUBRIR NO CASO DE QUE SE DESMANTELEN MÁIS TRACTORES/MOTOCULTORES/MÁQUINAS AGRÍCOLAS)

**1. DATOS DO SOLICITANTE:**

APELIDOS E NOME/ENTIDADE | NIF

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN**

NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

**2. TRACTOR/MOTOCULTOR OU MÁQUINA AGRÍCOLA PARA DESMANTELAR:**

| TRACTOR OU MOTOCULTOR | MARCA | MODELO | MATRÍCULA | ESTRUTURA SI/NON | DATA 1ª INSCRICIÓN | POTENCIA CV |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | ○ SI ○ NON | | |
| | | | | ○ SI ○ NON | | |
| | | | | ○ SI ○ NON | | |
| | | | | ○ SI ○ NON | | |
| | | | | ○ SI ○ NON | | |

| MÁQUINA AUTOMOTRIZ | MARCA | MODELO | MATRÍCULA | DATA 1ª INSCRICIÓN | POTENCIA FISCAL |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |

| EQUIPAMENTO DE TRATAMENTO FITOSANITARIO OU DE DISTRIBUCIÓN DE FERTILIZANTES QUE SE DESMANTELA XUNTO CO TRACTOR | DATA 1ª INSCRICIÓN | MARCA | MODELO |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |

**SINATURA DO SOLICITANTE OU REPRESENTANTE LEGAL**

Lugar e data

_______________ , _____ de ____________ de ______

galicia

GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

Dirección Xeral de Produción Agropecuaria

CVE-DOG: uqbpo4s2-afv8-dhy0-hkb4-qszhmrl3fnv3